



# MAGOSTO



O día 13 de novembro celebramos o magosto no colexio "Isidora Riestra". Todos os nenos e nenas puxémonos en fila para coller un puñado de castañas e refrescos . Logo, tivemos "tempo libre" para xogar cos nosos amigos e comer. Ao acabar , xuntámonos por clases para facer diferentes xogos tradicionais no patio.

Os profesores organizaron xogos para que nos divertiramos : encestar a maior cantidade de castañas nun tinaco; xogar á chave, xogar á raiola e ás chapas; saltar á comba; andar cos zancos cun compañeiro ; poñer unha castaña na fronte e metela nunha tina e tirar da corda, uns nun lado e outros noutro.

Ao rematar os nenos e nenas de 6º puxémonos a recoller todas as cousas dos xogos e o lixo que estaba tirado no chan , porque ademais de pasalo ben debemos conservar o colexio limpo.

Marchamos a casa moi cansos pero ledos polo gran día que pasamos e con ganas de repetir o vindeiro ano.

